

ABERTO O PRAZO DE PRESTACIÓN ÚNICA POR FILLA/O MENOR A CARGO DE 3 ANOS

**D. ANDRÉS DÍAZ SOBRAL, ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE PONTE CALDELAS.**

Fai Saber:

Que esta aberto o prazo para realizar as solicitudes de **prestación económica de pagamento único por fillas/os menores de tres anos para o ano 2017 da Xunta de Galicia: 360€/ano (polo 1º menor), 1200€/ano (polo 2º menor) e 2400€/ano (polo 3º menor e sucesivos).** (Orde 24 de marzo 2017, DOG Nº 65 do 3.04.2017)

Poden solicitar as axudas aquelas persoas que teñan ao seu cargo fillos/as menores de 3 anos o 1 de xaneiro de 2017 (nados entre o **2.1.2014 e o 1.1.2017** (incluídos) e que, **durante o ano 2015 nin elas nin ningunha persoa da unidade familiar estivesen obrigadas a presentar a declaración do IRPF nin a presentasen de xeito voluntario** aínda sen estar obrigadas a iso.

No caso de fillas/os adoptadas/os ou acollidas/os entre o 31.12.2015 e o 31.12.2016, a prestación concederáse durante os tres anos posteriores á data da resolución xudicial ou administrativa que a declare.


Solicitudes e documentación:

- Anexo I
- Fotocopia do Libro de Familia ou certificación literal de nacemento do Rexistro Civil de cada un dos fillas/os, acollidas/os.
- Copia da sentenza de nulidade, separación ou divorcio e do convenio regulador, de ser o caso.
- Nos supostos de adopción ou acollemento, copia da resolución xudicial ou administrativa que a declare.
- Anexo II (debidamente cuberto e asinado polo cónxuxe ou parella, de ser o caso).
- Certificado de empadroamento conxunto de todos os membros da unidade familiar. Individual no caso de que os proxenitores non figuren no mesmo domicilio.
- Número de conta bancaria co código IBAN.

Prazo: ata o 29 de maio de 2017

Máis información: www.pontecaldelas.org e
www.politicasocial.xunta.gal/web/portal/portada-de-familia

Días de atención ao público: luns e xoves de 9.30h a 14.00h


O Alcalde
Ponte Caldelas, 5 de abril de 2017